

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### PONTEVEDRA

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*CREACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO DO ÓRGANO DE TESOURARÍA E XESTIÓN TRIBUTARIA (OTXT) E A SÚA UTILIZACIÓN E AMPLIACIÓN DO USO DO SELO DE ÓRGANO DA SECRETARÍA DO CONCELLO*

*Expediente:2018/AE/000001*

#### ANUNCIO

*Decreto do alcalde relativo a creación de selo electrónico do órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria (OTXT) e a súa utilización e ampliación do uso do selo de órgano da Secretaría do Concello.*

O artigo 40, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, ao regular o sistema de identificación das administracións públicas, establece que as Administracións públicas poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica. Estes certificados electrónicos incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, así como, no seu caso, a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos. A relación de selos electrónicos utilizados por cada administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos. Ademais, cada administración pública adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.

Segundo definición do artigo 41 da citada Lei, enténdese por actuación administrativa automatizada calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non teña intervido de forma directa un empregado público.

O seu artigo 42, ao regular os sistemas de sinatura para a actuación administrativa automatizada, establece que no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración pública poderá determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de firma electrónica:

a) Selo electrónico de Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.



Xoves, 10 de maio de 2018

Núm. 90

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de Dereito Público, nos términos e condicións establecidos, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sé electrónica correspondente.

Por resolución da Alcaldía, de data 29.02.2016, creouse o selo electrónico de Secretaría deste Concello, para posibilitar a actuación administrativa automatizada que dea resposta a devolución do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico, a constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro presencial así como á publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico.

Na actualidade, resulta preciso proceder á ampliación do uso do selo de Secretaría para asinar os avisos que se xeran na aplicación de xestión de procedementos electrónicos, así como a creación dun selo do órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria (OTXT), para a sinatura das notificacións que se remiten dende a empresa que xestiona a recadación executiva e as notificacións automatizadas que remite o propio OTXT.

En consecuencia, sendo precisa a creación do selo electrónico do OTXT e a ampliación do uso do selo de Secretaría deste Concello e polo que

#### DECRETO:

*Primeiro.*—Ampliar o uso do selo de Secretaría, respecto dos autorizados por Decreto de 29.02.2016, para asinar os avisos que se xeran na aplicación de xestión de procedementos electrónicos.

*Segundo.*—Crear o Selo Electrónico do órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra coas seguintes características:

a) A responsabilidade, tanto da súa utilización como a efectos de impugnación, corresponderá ao Concello de Pontevedra, e a súa xestión ao OTXT.

b) As características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificados aplicable son as que constan na Declaración de Prácticas de Certificación aprobada pola entidade emisora do certificado electrónico.

c) A verificación do certificado poderá realizarse a través do Centro de Transferencia de Tecnoloxías, accesible dende o enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.

d) O selo electrónico do OTXT empregaranse na sinatura das notificacións que se remiten dende a empresa que xestiona a recadación executiva e as notificacións automatizadas que remite o propio OTXT.

*Terceiro.*—O presente Decreto publicarase na sede electrónica do Concello de Pontevedra e no Boletín Oficial da Provincia.

Pontevedra, á data da sinatura.

O concelleiro de goberno de Personal,

Réxime Interior e Patrimonio.

